

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día trece de decembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**7/774 RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO POR INCREMENTO DE HORAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica e do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 10 de novembro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

1.- Contrato administrativo correspondente ó servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo asinado entre o Concello de Lugo e a empresa VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, S.A., con data 25 de abril de 2016 que estableceu, entre outros:

*‘O prezo do contrato para a anualidade 2016 ascende a cantidade de 2.111.672,96 euros + 4% IVE (84.466,91 euros) o que supón un total de 2.196.139,87 euros IVE incluído que, con cargo á aplicación 23182.22799 do orzamento municipal para o ano 2016 (RC-9494/16, CP: 162318201), co seguinte desglose:*

- Prezo/hora de servizo ordinario :  
13,64 € sen IVE / 0,55 € (4% IVE) / total 14,19 € IVE incluído.
- Prezo/hora de servizo extraordinario:  
13,88 € sen IVE / 0,56 € (4% IVE) / total 14,44 € IVE incluído.’


2.- Informe do 21 de setembro de 2017 da Xefa de Servizo de Servizos Sociais que textualmente di:

*‘ Asunto.- Proposta de modificación do contrato asinado e referente ao Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo , entidade adxudicataria Valoriza Servicios a la Dependencia, SL, con NIF número B85621159.*

Antecedentes de feito

*1º A previsión de horas establecida nos pregos que regulan a contratación do servizo de axuda no fogar, no referente a primeira anualidade, a cal é do seguinte teor:*

	Libre	Dependencia	Total horas	Custo sen iva	iva	Total custo
--	-------	-------------	-------------	---------------	-----	-------------



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/mbfc

Refª: 17x530070774

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

	<u>concorrenca</u>					
Horas ordinarias	40.000	85.740	125.740,00	1.814.428,20	72.577,13	1.887.005,33
Horas extraordinarias	1.500	27.072	28.572,00	419.722,68	16.788,91	436.511,59
				2.234.150,88	89.366,04	2.323.516,92

2º Comunicación da comunidade autónoma na que se dá traslado **de incremento, a partir do 1 de setembro, no número de horas asignadas ao Concello de Lugo aos efectos de facilitar o acceso dun maior número de persoas ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF dependencia) (8.854 horas máis ao ano).**

Xúntase anexo

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Único.- O incremento de horas informado pola Comunidade autónoma conleva incremento nas horas a prestar, en concreto: **8.854 horas/ano, o cal conleva acudir ao** establecido nos pregos que regulan a dita prestación, acordo número 12/831 da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o nove de decembro de dous mil quince.

Na **cláusula cuarta dos pregos que regulan a dita contratación**, establécese:

“O número de horas sinaladas son unha estimación polo que no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación derivado da aplicación da Lei de dependencia ou maiores necesidades das veciñas/os de Lugo, debidamente acreditadas, con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, as cales non se poden determinar neste momento, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) o contrato **incrementando** o número de horas de atención cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.”

**CONSIDERACIÓNS**

1ª O incremento de horas informado pola Comunidade Autónoma conleva incremento nas horas a prestar, en concreto 8.854 horas/ano, de dito importe deberase desglosar horas ordinarias das extraordinarias, sendo un 15% ,aproximadamente, a porcentaxe de horas extraordinarias, polo tanto prevese un incremento de 7526 horas ordinarias e 1328 horas extraordinarias, tendo en conta o prezo/ hora conforme a contrato asinado, o custo que representa o dito incremento é do seguinte detalle:

7526\*14,19 (IVE incluído)= 106793,94 €

+

1328\*14,44 (IVE incluído)= 19176,32 €

2

Total incremento custo 125.970,26 €, inferior a 446.830,17 € importe que representa o 20% do prezo de licitación (excluído IVE)

### CONCLUSIÓNS

*Polo exposto enténdese que procede modificar o contrato de referencia incrementando o número de horas de atención anuais en 8854 horas/ano (7526 horas ordinarias+1328 horas extraordinarias), sendo o importe a consignar 125.970,26 € /ano, a maiores da consignación existente para o dito contrato.*

*En relación coa dispoñibilidade orzamentaria que permita levar a cabo a dita modificación existe RCC 93520 (partida 23182.22799) por importe de 31.492,56 € para o período correspondente a outubro/décembro 2017, debendo adoptarse o compromiso de incluír as cantidades restantes nos Orzamentos dos vindeiros exercicios.*

*É canto procede informar.'*

3.-Certificación da Tesourería Municipal do 21 de setembro de 2017 de existencia de crédito por importe de 31.492,56 euros (RC 54979; RCC 93520; C.P 172318201)

4.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 10/682, do 8 de novembro de 2017 polo que se incoa expediente de modificación prevista do contrato administrativo correspondente ó SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR no Concello de Lugo asinado entre o Concello de Lugo e a empresa VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, S.A., con data 25 de abril de 2016 incrementando o número de horas de atención en 8.854 horas máis de prestación do servizo.

5.- Escrito presentado por VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, S.A., o 6 de novembro de 2017 manifestando a conformidade coa modificación proposta.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/mbfc

Refª: 17x530070774

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** O artigo 106 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público relativo ás 'Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación' establece que 'Os contratos do sector público *podarán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallasen de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderá facerse uso desta, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poidan afectar, e o procedemento que deba seguirse para isto*'

A cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas establece:

*'O número de horas sinaladas son unha estimación polo que no caso de que sexa necesario un aumento no número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia ou maiores necesidades das veciños/as de Lugo, debidamente acreditadas, con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, as cales non se poden determinar neste momento, o Concello **podrá modificar** (previa tramitación de expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) o contrato **incrementando o número de horas** de atención cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.'*

**Segunda.** Por parte da Xefa de Servizo de Servizos Sociais infórmase o 2 de setembro de 2017 de que a Xunta de Galicia acordou incrementar as horas asignadas ao Concello de Lugo para a atención á dependencia cun reforzo de 8.854 horas máis ao ano; circunstancia que non se puido prever na elaboración do prego de condicións técnicas ao depender da vontade doutra Administración e que motivou precisamente a redacción dada á cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas no senso de permitir un incremento das horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de dependencia.

Cúmprese o límite máximo establecido para aprobar a modificación proposta toda vez o incremento de horas e do gasto non excede do 20% do orzamento máximo do contrato; supoñendo o dito incremento un gasto de 125.970,26 euros a maiores do orzamento máximo do contrato asinado. Consta, así mesmo, a dispoñibilidade orzamentaria para a asunción destas novas horas de prestación do servizo.

**Terceira.-** O artigo 211 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público establece que nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista.



Neste sentido a empresa manifesta a súa conformidade polo que procede continuar co expediente.

Por outra banda, o artigo 99.3 do TRLCSP establece a obrigatoriedade de reaxuste da garantía nos casos de que as modificacións dos contratos impliquen un incremento do prezo e o artigo 219 establece que as modificacións deben formalizarse conforme o artigo 156.

Neste caso, o contrato, a raíz da modificación aprobada, pasa de ter un prezo anual de 2.111.672,96 euros, IVE excluído, a 2.232.798,21 euros, IVE excluído, **o que supón un incremento anual de 121.125,25 euros, IVE excluído; importe sobre o que debe aplicarse o 5% para poder reaxustar a garantía.**

Así pois, o importe deste reaxuste da garantía ascende a **12.112,53 euros** e que debe constituírse con carácter previo á formalización do contrato modificado.

Así mesmo e conforme o artigo 97 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP) deberá informar este expediente de modificación contractual a Asesoría Xurídica e mais a Intervención Municipal.

**Cuarta.-** O órgano municipal competente para aprobar o expediente de modificación contractual, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do actual Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, é a Xunta de Goberno Local.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local do Concello na disposición adicional segunda do actual Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público..."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS);



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/mbfc

Refª: 17x530070774

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación prevista do contrato administrativo correspondente ao SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR no concello de Lugo asinado entre o Concello de Lugo e a empresa VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA, S.A., o 25 de abril de 2016, incrementando o número de horas de atención en 8.854 horas máis de prestación do servizo quedando o prezo anual do contrato en 2.322.110,14 euros, IVE incluído, conforme ao establecido no informe da Xefa de Servizo de Servizos Sociais anteriormente reproducido e cos mesmos prezos unitarios ofertados.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 31.492,56 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 23182.22799 do vixente Orzamento Municipal (RC 54979; RCC 93520; C.P 172318201) para facer fronte á prestación do servizo no ano 2017 correspondente ao incremento producido pola modificación contractual, e adoptar o compromiso de habilitar crédito para o ano 2018 e seguintes.

TERCEIRO.- Requirirle á empresa contratista para que nun prazo máximo de quince días hábiles proceda á reaxustar o importe da garantía definitiva en **12.112,53 euros**, para proceder a continuación á formalización do contrato modificado, e que deberá efectuarse no mesmo prazo de quince días hábiles dende o día seguinte á notificación deste acordo.

CUARTO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas, así como publicado no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Contra este acordo caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten**



Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/mbfc

Refº: 17x530070774

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2017

**da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade



CSV: fNfPAYxtAp7g0vPYUcJBig==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 7 / 7

DATAS(UTC)

18/12/2017 13:58:54

18/12/2017 13:58:53